ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 30 DE OUTUBRO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de outubro de dous mil dezasete; as trece horas e quince minutos da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e tres de outubro do dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito de don Julio Feijoo Sánchez , funcionario de policía local do concello de Ribadavia, solicitando días de asuntos propios os días 11 e 12 de decembro de 2017.

Visto o informe do Xefe da Policía Local de data 24 de outubro de 2017 , que incorpórase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e copia do cal dárase traslado ao interesado.

Vista a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, artigo 118 Permisos por asuntos particulares:" 2 A concesión dos permisos regulados neste artigo queda condicionada ás necesidades do servizo"

Vista a " Resolución de 28 de diciembre de 2012, de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas , por la que se dictan instrucciones sobre jornada y horario de trabajo del personal al servicio de la Administración General del Estado y sus organismos públicos" instrucción 9.7 " a lo largo de cada año los empleados públicos tendrán derecho a disfrutar de seis días de permiso por asuntos particulares, sin perjuicio de la concesión de los restantes permisos y licencias establecidas en la normativa vigente.
Tales días no podrán acumularse a los períodos de vacaciones anuales. El personal podrá distribuir dichos días a su conveniencia, previa autorización de sus superiores y respetando siempre las necesidades del servicio. Cuando por estas razones no sea

posible disfrutar del mencionado permiso antes de finalizar el mes de diciembre, podrá concederse hasta el 31 de enero siguiente.
Sin perjuicio anterior, y siempre que las necesidades del servicio lo permitan , los días de permiso por asuntos particulares podrán acumularse a los días de vacaciones que se disfruten de manera independiente.
En base ao exposto a Xunta de goberno local acorda:
-Denegar a solicitude de días de asuntos propios presentada por don Julio Feijoo Sánchez para os días 11 e 12 de decembro de 2017. Ditos días poderán ser concedidos, previa solicitude, ata o 31 de xaneiro de 2108.

-Escrito de don Francisco Muñiz Ferro, con número de rexistro de entrada no concello 5212 de 24 de outubro de 2017, no que formula reclamación previa en materia de reclasificación profesional e cantidade e solicita que " se dicte resolución por la que se reclasifique profesionalmente al reclamante a la categoría de administrativo , o subsidiariamente, se le abonen sus retribuciones conforme a dicha categoría desde el 1 de enero de 2016 y en lo sucesivo, con abono de las diferencias salariales reflejadas en el punto Sexto de este escrito , o en su defecto, se tenga por interpuesta reclamación previa a la jurisdicción social"

Considerando que a reclamación previa á vía xudicial laboral , prevista nos artigos 120 e 125 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común está derogada dende o 2 de outubro de 2016, data de entrada en vigor da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas que non contemplan esa figura, co cal o escrito presentado debe considerarse como unha solicitude formulada ao abeiro do artigo 66 de citada Lei 39/2015.

Vista a Sentenza do Xulgado do Social nº2 de Ourense , 101/2017 de data vintesete de febreiro de 2017, DSP despido / ceses en general 43/2017 .

Visto o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:
-Disposición Adicional Decimoquinta Aplicación dos límites de duración do contrato por obra ou servizo determinados ao encadenamento de contratos nas administracións públicas:
1 O disposto no artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo determinados e no artigo 15.5 sobre os límites ao encadenamento de contratos surtirá efectos no ámbito das administracións públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, sen prexuízo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade ,mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para a obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trata a través dos procedementos ordinarios , de acordo co establecido na normativa aplicable.
En cumprimento de esta previsión, o traballador continuará desenrolando o posto que viña ocupando ata que se proceda a súa cobertura polos procedementos antes indicados, momento en que se producirá a extinción da relación laboral , salvo que o mencionado traballador acceda a un emprego público, superando o correspondente proceso selectivo"

Concello de Ribadavia

Visto o Convenio Colectivo para o Persoal Laboral do concello de Ribadavia , artigo 6 Clasificación profesional:" o persoal laboral do concello de Ribadavia integrarase nalgunha das seguintes categorías:...

-administrativo: traballadores que realizan tarefas administrativas de trámite e colaboración"

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo 30-3-1992 (RJ1887) : " La reclamación de diferencias salariales por la realización de trabajos de categoría superior sólo puede prosperar si concurre una precisa y puntual correlación entre las tareas desempeñadas por el trabajador y las que son propias de la superior categoría profesional"

Considerando que non existe unha precisa e puntual correlación entre as funcións realizadas por don Francisco Muñiz Ferro e as tarefas administrativas que deben ser de trámite e colaboración, consonte ao establecido no convenio colectivo de persoal laboral do concello de Ribadavia.

Considerando que, aínda no caso que non concorre, que don Francisco Muñiz Ferro desenrolase funcións de administrativo non procedería a reclasificación profesional en base ao que a continuación se expón.

Vista a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 13 de xaneiro de 2009:" la simple ocupación por un tiempo determinado , más o menos extenso , de la plaza a la que aspira ,sin perjuicio de la correspondiente retribución, no implica obtener la categoría superior ya que la consolidación de tal categoría está supeditada a que proceda legal o convencionalmente el ascenso"

Visto " El personal laboral de las corporaciones locales después del Estatuto básico del empleado público" Estudios de Relaciones Laborales, Cemical- Diputación Barcelona, autor Xavier Boltaina Bosch, páxinas 82-83:" Procede entender asimismo que el artículo 39.4 del ET, que prevé la posibilidad de reclamar el ascenso a una categoría superior por el desempeño de funciones superiores durante seis meses consecutivos u ocho en período de dos años, no es aplicable en la Administración Pública, tenga o no convenio colectivo que la rige"

A xunta de goberno local acorda:

-Denegar a solicitude presentada por don Francisco Muñiz Ferro de abono de cantidade e reclasificación profesional por non resultar axustada a dereito.

-Solicitude de don José Miguel Curras Rincón , con rexistro de entrada número 5153 de 19 de outubro de 2017, solicitando vacacións do día 6 ata o 16 de novembro de 2017 , ambos inclusive. Visto o informe emitido polo Xefe da Policía Local no que indica que ditas vacacións xa están previstas no cuadrante de servizo do mes de novembro e polo tanto pode accederse ao solicitado; a Xunta de goberno acorda :
-Conceder a don José Miguel Currás Rincón vacacións do día 6 ao 16 de novembro de 2017, ambos inclusive.

-Escrito de dona Elisa Veloso Pérez, en representación de don Eulogio Veloso Chousal, solicitando poñer ao día do cobro unha sepultura da súa propiedade no cemiterio de Ribadavia . A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Solicitude da Asociación de Juventudes de Galicia contra el Hambre solicitando un local para dar e almacenar alimentos. A xunta de goberno acorda comunicar que o concello carece neste momento dun local para ceder para dita finalidade.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito do Defensor del Pueblo comunicando a suspensión de actuacións en relación á queixa promovida por don Pablo Enrique Martínez Vázquez sobre vertido incontrolado de residuos e rotura de infraestrutura de depuración .

-Escrito notificando decreto do Presidente do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico declarando xustificada a subvención de " Feira do Viño do Ribeiro 2017" concedida por dita institución ao concello de Ribadavia.
-Escrito notificando decreto do Deputado delegado da Área de Facenda da Deputación Provincial declarando xustificada a subvención do programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza de marxes das redes viarias municipais e provincias durante o exercicio 2017.

-Escrito notificando decreto do Deputado delegado da Área de Facenda da Deputación de Ourense declarando xustificada a subvención concedida ao concello de Ribadavia por dita institución "UKP Day 2017"

-A xunta de goberno local toma coñecemento da Addenda para a modificación do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativo á Area de Rexeneración e Renovación urbana Casco Histórico de Ribadavia.Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento do alugamento de viviendas, a rehabilitación edificatoria , e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

-Oficio do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Ribadavia , xuízo sobre delitos leves 088/2017 , delito leve: contra animais domésticos , denunciado don Leandro Montoya Montoya, requerindo ao concello de Ribadavia " a fin de que procedan a tomar las medidas necesarias en vía administrativa para que cese la situación descrita en la sentencia haciéndose cargo de los animales causantes de la misma" .
Considerando que o concello de Ribadavia carece de canceira municipal co cal non pode polos seus propios medios cumprir o requerimento xudicial.
Considerando que o concello de Ribadavia atópase adherido ao Convenio Marco de cooperación para a ordenación e xestión por parte da Deputación Provincial en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal do servizo de recollida de animais abandonados.

A xunta de goberno acorda :
-Solicitar da Deputación Provincial que, para o seu ingreso na canceira provincial se faga cargo dos perros propiedade de don Leandro Montoya Montoya , sitos na rúa

Concello de Ribadavia, en cumprimento da Sentenza Xudicial do 22 de agosto de 2017 ditada polo Xulgado de primera instancia e instrucción nº1 de Ribadavia.

-Que dado, que existe a posibilidade de que poida resultar preciso, se solicite a colaboración da Subdelegación do Goberno para aportar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que permitan o cumprimento da Sentenza xudicial.

-Escrito da Xerencia do Catastro comunicando, ante a reiteración da solicitude municipal, que xa non cabe desistir da aplicación dos coeficientes aos que se refiere o artigo 32.2 do Real Decreto lexislativo 1/2004.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/17.-

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9/17, por importe de 37.256,51 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de setembro 2017, por importe de 2.154 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DAS ACTUACIONS DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA. Plan Estatal de Fomento de Aluguer de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016.- 14º CONVENIO PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1º) Aprobar as bases da convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016 para a Área de Rexeneración e Renovación Urbanas (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ribadavia.

2º) Aprobar a convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016 para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ribadavia.

3º) Ordenar a publicación da convocatoria e do texto íntegro das bases no BOP para a apertura do prazo de presentación de solicitudes e o desenrolo da mesma.

APROBACIÓN DE FACTURA DE " IMPLANTACIÓN DUN EQUIPAMENTO TÉRMICO DE BIOMASA NO COLEXIO DE FRANCELOS"

Vista a factura número 1700043 de data 30/10/2017 presentada por Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto NIF 49711015B por importe de 12.051,60 euros correspondente a Contratación de Proxecto de " Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de Francelos".
Existindo consignación orzamentaria acaída e suficiente para asumir o gasto.
Considerando que a actuación realizouse de forma acaída.

A xunta de goberno local acorda:
- aprobar a factura número 1700043 de data 30/10/2017 presentada por Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto NIF 49711015B por importe de 12.051,60 euros correspondente a Contratación de Proxecto de " Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de Francelos" e efectuar o abono ao adxudicatario.

APROBACIÓN DE FACTURA DE " IMPLANTACIÓN DUN EQUIPAMENTO TÉRMICO DE BIOMASA NO COLEXIO DE SAN CRISTOBO"

Vista a factura número 1700044 de data 30/10/2017 presentada por Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto NIF 49711015B por importe de 12.051,60 euros correspondente a Contratación de Proxecto de " Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de San Cristobo".
Existindo consignación orzamentaria acaída e suficiente para asumir o gasto.
Considerando que a actuación realizouse de forma acaída.

A xunta de goberno local acorda:
- aprobar a factura número 1700044 de data 30/10/2017 presentada por Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto NIF 49711015B por importe de 12.051,60 euros correspondente a Contratación de Proxecto de " Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de San Cristobo " e efectuar o abono ao adxudicatario.

6.-RECTIFICACIÓN DE ERROS.

Considerando que no acordo da Xunta de goberno local de data 17 de outubro de 2017 no acordo de Contratación do proxecto de Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de San Cristobo" produciuse un erro na denominación do adxudicatario que non é Enol Vitis Ferretería SL , senón
Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas " As administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento , de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"

Concello de Ribadavia

Rectiticar o erro no acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de outubro de 2017 de Contratación do proxecto de implantación dun equipamento térmico de biomasa no colexio de San Cristobo pasando a ser o texto do acordo:

Contratación do proxecto de " Implantación dun equipamento térmico de biomasa na escola de San Cristobo"

Con data 1 de agosto de 2017 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a seguinte resolución:
Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa , para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional , no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Expediente IN421G-17R87
Titular: Concello de Ribadavia.

Tipoloxía: B2- Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible V>= 250 litros e V<1000 litros

Título operación : Colexio San Cristobo.

Na que se concede unha subvención por importe de 7.453,60 euros.

O importe da actuación é de 12.051,60 euros, IVE engadido. Orzamento sen IVE 9.960,00 €, IVE 2.091,6 €.

Visto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

-artigo 12: "Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros doutra clase entenderase, en todo caso, para a determinación das normas que deban observase na adxudicación , ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

-artigo 88.1: A todos os efectos previstos nesta lei o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluir o IVE, pagadeiro según as estimacións do órgano de contratación.

-artigo 138.3: " os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo as normas estabelecidas no artigo 111.

Son contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros , cando se trate de contratos de obras, e a 18.000 euros nos outros tipos de contratos.

Visto o informe de Secretaría, e en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local ACORDA:

PRIMEIRO-Levar a cabo o contrato mixto de subministro e obra de " Implantación de equipamento térmico na Escola de San Cristobo " co contratista Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto por importe de 9.960,00 euros e 2.091.6 euros de IVE.

SEGUNDO.-O contratista debe colocar un cartel con información sobre o proxecto dun tamaño mínimo A3, no que se mencionará a axuda financiera do Inega da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edifico. O cartel publicitario temporal debe cumprir o establecido no artigo 5 do Regulamento UE núm 821/2014 da Comisión , do 28 de xullo de 2014

TERCEIRO- O contratista achegará un certificado do instalador no que se indique a data de finalización da instalación subvencionada asinado por técnico competente, en caso de que a potencia do proxecto sexa superior a 70kw achegarase, no seu lugar, o certificado de dirección de obra da instalación executada, asinado por técnico competente. Sempre que sexa obligatorio para a posta en servizo da instalación , debe presentar o xustificante da solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria no que se recolla tanto a identificación das características do proxecto como o código de acceso.

Asemade o contratista deberá aportar fotografías do equipamento instalado.

CUARTO-A data límite de remate da actuación é o 4 de novembro de 2017.Dado que se trata dunha actuación subvencionada é o prazo límite de data de xustificación é o 7 de novembro a documentación xustificativa debe estar presentada no concello o día 6 de novembro, constituíndo dita data obriga contractual esencial aos efectos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO-Unha vez realizada a prestación incorpórese a factura e tramítese o pago se procede
Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma. Na factura incluiranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica.

SEXTO.- Notifíquese a presente resolución ao adxudicatario.

Considerando que no acordo da Xunta de goberno local de data 17 de outubro de 2017 no acordo de Contratación do proxecto de Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de Francelos " produciuse un erro na denominación do adxudicatario que non é Enol Vitis Ferretería SL , senón
Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas " As administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento , de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"

Rectiticar o erro no acordo da Xunta de Goberno local de data 17 de outubro de 2017 de Contratación do proxecto de implantación dun equipamento térmico de biomasa no colexio de Francelos pasando a ser o texto do acordo: Contratación do **proxecto de" Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de Francelos"**

Con data 1 de agosto de 2017 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a seguinte resolución:
Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa , para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional , no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Expediente IN421G-17R88
Titular: Concello de Ribadavia.

Tipoloxía: B2- Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible V>= 250 litros e V<1000 litros

Título operación : Colexio Francelos.

Na que se concede unha subvención por importe de 7.453,60 euros.

O importe da actuación é de 12.051,60 euros, IVE engadido. Orzamento sen IVE 9.960,00 €, IVE 2.091,6 €.

Visto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

- artigo 12: "Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros doutra clase entenderase, en todo caso, para a determinación das normas que deban observase na adxudicación , ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

-artigo 88.1: A todos os efectos previstos nesta lei o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluir o IVE, pagadeiro según as estimacións do órgano de contratación.

-artigo 138.3: “ os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo as normas estabelecidas no artigo 111.

Son contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros , cando se trate de contratos de obras, e a 18.000 euros nos outros tipos de contratos.

Visto o informe de Secretaría, e en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local ACORDA:

PRIMEIRO-Levar a cabo o contrato mixto de subministro e obra de “ Implantación dun equipamento térmico de biomasa na Escola de Francelos “ co contratista Faiscas Ledys Magela Rodríguez Prieto por importe de 9.960,00 euros e 2.091,6 euros de IVE.

SEGUNDO.-O contratista debe colocar un cartel con información sobre o proxecto dun tamaño mínimo A3, no que se mencionará a axuda financiera do Inega da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edifico. O cartel publicitario temporal debe cumprir o establecido no artigo 5 do Regulamento UE núm 821/2014 da Comisión , do 28 de xullo de 2014

TERCEIRO-O contratista achegará un certificado do instalador no que se indique a data de finalización da instalación subvencionada asinado por técnico competente, en caso de que a potencia do proxecto sexa superior a 70kw achegarase, no seu lugar, o certificado de dirección de obra da instalación executada, asinado por técnico competente. Sempre que sexa obligatorio para a posta en servizo da instalación , debe presentar o xustificante da solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria no que se recolla tanto a identificación das características do proxecto como o código de acceso.

Asemade o contratista debe aportar fotografías do equipamento instalado .

CUARTO-A data límite de remate da actuación é o 4 de novembro de 2017.Dado que se trata dunha actuación subvencionada é o prazo límite de data de xustificación é o 7 de novembro a documentación xustificativa debe estar presentada no concello o día 6 de novembro, constituíndo dita data obriga contractual esencial aos efectos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO-Unha vez realizada a prestación incorpórese a factura e tramítese o pago se procede
Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación

da mesma. Na factura incluiranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica.

SEXTO.- Notifíquese a presente resolución ao adxudicatario.

7.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as trece horas e trinta minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE